

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN PROVINCIAL DO DÍA 30
DE MAIO DE 2025**

Ás 10.00 horas do día 30 de maio de 2025, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: Don Luís Menor Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

Don Rosendo Luís Fernández Fernández

Don Plácido Álvarez Dobaño

Don José Miguel Pérez Blecua

Don César Manuel Fernández Gil

Dona Ana Patricia Torres Madureira

Don José María Lago Cabo

Dona María Teresa Barge Bello

Dona Marta Novoa Iglesias

Don Jorge Pumar Tesouro

Don Manuel Seoane Rodríguez

Dona María del Carmen González Quintela

Deputados/as do Grupo Socialista:

Don Álvaro Vila Araújo

Don Emilio Luís Díaz Vidal

Don Diego Fernández Nogueira

Dona Marina Vaz Quintillán

Don Aurentino Alonso Araújo

Dona Susana Rodríguez Estévez

Dona Elvira Lama Fernández

Deputados/as do Grupo do BNG:

Don Bernardo Varela López

Dona María José Mangana Guede

Don Xosé Manuel Puga González.

Deputados do Grupo de Democracia Ourensana:

Don Antonio Fernández Martín

Don Gonzalo Pérez Jácome

Don Rafael Martínez Cachafeiro

Secretario: don Juan Marquina Fuentes

Interventora: dona Mónica Legaspi Díaz

O deputado de DO, don Gonzalo Pérez Jácome, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto nove da orde do día e non regresou.

O deputado do Grupo Popular, don Plácido Álvarez Dobaño, ausentouse do salón de sesións cando se trataba o punto once da sesión e non regresou.

Seguidamente iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no Portal Vídeo Acta, no seguinte enlace: [ver vídeo acta](#)

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 25 DE ABRIL DE 2025.-

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 25 de abril de 2025.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial do día 25 de abril de 2025, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- ADHESIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE Á “REDE DE ENTIDADES LOCAIS GANDEIRO CÁRNICA”.

D. José Miguel Pérez Blecua, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Administración Provincial, Transparencia e Emerxencias.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (12), do Grupo Socialista (7) e de Democracia Ourensana (3) e a abstención do BNG (3), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a adhesión á “Rede de Entidades Locais Gandeiro Cárnica”, e á estrutura básica de funcionamento que establece.

2º.- Solicitar a adhesión da Deputación Provincial de Ourense á “Rede de Entidades Locais Gandeiro Cárnica” de acordo cos seus estatutos e regulamento de réxime interior.

3º.- Designar como representante da Deputación Provincial de Ourense na “Rede de Entidades Locais Gandeiro Cárnica” ao deputado provincial don Xosé Miguel Pérez Blecua, con DNI nº 73240941V.

3º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA DE ARTES E OFICIOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

O debate dos puntos 3º, 4º e 5º realízase conxuntamente, sen prexuízo da votación separada.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, de Facenda e Recursos Humanos.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios da Deputación Provincial de Ourense, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios da Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 1º. Definición e obxecto.-

1. A Escola Provincial de Artes e Oficios constitúe un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ao abeiro da competencia atribuída ao Goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

2. O obxecto principal da Escola Provincial de Artes e Oficios constitúeo o ensino con carácter non regrado das artes aplicadas e oficios artísticos, así como a realización de actividades complementarias do dito obxecto principal, tales como concursos, exposicións e outras análogas. As actividades concretas que integrarán o servizo determinaranse anualmente conforme co previsto no artigo 3.

3. A Escola Provincial de Artes e Oficios é un establecemento dependente da Administración provincial e carente de personalidade xurídica, que se integra, para todos os efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte terceiros.

Artigo 2º. Réxime de xestión.-

A Escola Provincial de Artes e Oficios poderá xestionarse mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 3º. Programación anual da Escola.-

1. As actividades que desenvolverá a Escola determinaranse antes do 15 de setembro de cada exercicio, para un período máximo de doce meses. A programación anual será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, a proposta da Dirección da escola, e incluírá as determinacións seguintes:

- Accións formativas que se desenvolverán, incluíndo o seu calendario e a relación de recursos humanos e materiais necesarios para a súa impartición.
- Prazos e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.
- Outras actividades previstas
- Prezos públicos dos servizos previstos, fixados de conformidade co establecido no artigo 4, sempre e cando a facultade para a súa fixación fose delegada na Xunta de Goberno.

A programación poderá suxeitar o efectivo desenvolvemento das accións previstas ao cumprimento de determinadas condicións de carácter obxectivo, e, en particular, á existencia dun número mínimo de alumnos matriculados na acción formativa. Igualmente, a programación poderá establecer requisitos específicos de acceso das persoas interesadas ás accións formativas ou doutro tipo que leve a cabo a escola. Estes requisitos deberán ter unha xustificación obxectiva e en ningún caso poderán ser discriminatorios. En particular, non se considerará discriminatoria a restrición de acceso a determinadas actividades a persoas pertencentes a colectivos específicos precisados dunha especial atención por parte das administracións públicas.

2. A programación aprobada será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3. A programación anual poderá ser modificada por razóns de oportunidade ao longo da súa vixencia.

Artigo 4º.- Prezos públicos dos servizos prestados pola Escola de Artes e Oficios.

1. Os servizos prestados pola Escola de Artes e Oficios serán gravados mediante prezos públicos de xeral aplicación, que se determinarán mediante as seguintes regras:

- a) Dado o carácter de interese cultural, social e educativo das actividades desenvolvidas pola escola, os prezos non terán que cubrir integramente os custos do servizo. Non obstante o anterior, deberán cubrir, cando menos, e como regra xeral, o 40% dos custos do servizo,

agás naqueles casos en que se trate de servizos dun marcado carácter social dirixidos especificamente a colectivos especialmente desfavorecidos.

b) Na fixación dos prezos públicos por accións formativas poderase esixir unha tarifa en pagamento único en concepto de matrícula e unha tarifa de pagamento periódico polos servizos efectivamente recibidos.

c) Na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos.

d) Os prezos públicos esixíranse en réxime de autoliquidación, que se practicará a través dos impresos habilitados para o efecto pola Administración provincial. A autoliquidación correspondente á matrícula realizarse no momento da inscrición nas actividades gravadas e ás autoliquidacións correspondentes ás tarifas periódicas, no caso de establecerse, deberanse de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días do período ao que se refiran. O pagamento dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.

e) A fixación dos prezos dos diferentes servizos e actividades poderá delegarse na Xunta de Goberno, suposto no que se incluírá na programación anual da escola.

f) O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

2. O acceso ás exposicións organizadas e xestionadas pola escola será gratuito.

Artigo 5º. Procedemento de inscrición e baixa nas actividades incluídas na programación anual.

1. A inscrición nas actividades da escola realizarase mediante instancia dirixida á Presidencia, nos modelos que se establezan para o efecto, nos prazos establecidos na programación anual, podendo presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os solicitantes deberán cumprir os requisitos que, se é caso, estableza a programación anual para a actividade de que se trate.

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia resolverá sobre as inscricións solicitadas, mediante decreto que non será obxecto de notificación

individualizada, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

2. A Presidencia, de oficio, e trala tramitación previa de expediente contradictorio con audiencia dos interesados, poderá declarar a baixa forzosa dos usuarios que vulneren as normas básicas de convivencia no desenvolvemento das accións ou que, de calquera xeito, perturben o seu normal funcionamento.

3. Os interesados poderán, en calquera momento, causar baixa voluntaria en calquera acción na que participen, comunicándollos á Dirección da escola.

4. A baixa nas accións nas que participen os usuarios non dará dereito á devolución dos prezos públicos aboados en concepto de matrícula, nin os correspondentes aos servizos xa prestados ou aos servizos correspondentes ao período de facturación no que se produza a dita baixa.

5. No non previsto nesta ordenanza, serán de aplicación as previsións que estableza a programación anual e, no seu defecto, as normas xerais de procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Segundo: De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei de bases do réxime local, someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, polo prazo dos trinta (30) días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP, realizándose igualmente a pertinente publicación no taboleiro da sede electrónica da Deputación Provincial. Durante o expresado prazo poderán presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

4º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA DE DANZA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 3º da orde do día que está recollido no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

Ordenanza reguladora da Escola de Danza da Deputación Provincial de Ourense

Artigo 1º.- Definición e obxecto

1. A Escola Provincial de Danza constitúe un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ao abeiro da competencia atribuída ao goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

2. O obxecto principal da Escola Provincial de Danza constitúe o ensino con carácter non regrado das danzas e músicas tradicionais de Galicia, así como a realización de actividades complementarias do dito obxecto principal, tales como concursos, exposicións e outras análogas. As actividades concretas que integrarán o servizo determinaranse anualmente conforme co previsto no artigo 3.

3. A Escola Provincial de Danza é un establecemento dependente da Administración provincial e carente de personalidade xurídica, integrándose, para todos os efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte a terceiros.

Artigo 2º. Réxime de xestión

A Escola Provincial de Danza poderá xestionarse mediante calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 3º. Programación anual da escola

1. As actividades que desenvolverá a escola determinaranse antes do 15 de setembro de cada exercicio, para un período máximo de doce meses. A programación anual será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, a proposta da Dirección da Escola, e incluírá as determinacións seguintes:

- Accións formativas que se desenvolverán, incluíndo o seu calendario e a relación de recursos humanos e materiais necesarios para a súa impartición.
- Prazos e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.
- Outras actividades previstas.

- Prezos públicos dos servizos previstos, fixados de conformidade co establecido no artigo 4, sempre e cando a facultade para a súa fixación fose delegada na Xunta de Goberno.

A programación poderá suxeitar o efectivo desenvolvemento das accións previstas ao cumprimento de determinadas condicións de carácter obxectivo e, en particular, á existencia dun número mínimo de alumnos matriculados na acción formativa. Igualmente, a programación poderá establecer requisitos específicos de acceso das persoas interesadas ás accións formativas ou doutro tipo que leve a cabo a escola. Estes requisitos deberán ter unha xustificación obxectiva e en ningún caso poderán ser discriminatorios. En particular, non se considerará discriminatoria a restrición de acceso a determinadas actividades a persoas pertencentes a colectivos específicos precisados dunha especial atención por parte das administracións públicas.

2. A programación aprobada será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3. A programación anual poderá ser modificada por razóns de oportunidade ao longo da súa vixencia.

Artigo 4º.- Prezos públicos dos servizos prestados pola Escola Provincial de Danza

1. Os servizos prestados pola Escola Provincial de Danza serán gravados mediante prezos públicos de xeral aplicación, que se determinarán mediante as seguintes regras:

a) Dado o carácter de interese cultural, social e educativo das actividades desenvolvidas pola escola, os prezos non terán que cubrir integramente os custos do servizo. Non obstante o anterior, deberán cubrir cando menos, e como regra xeral, o 40% dos custos do servizo, agás naqueles casos en que se trate de servizos dun marcado carácter social dirixidos especificamente a colectivos especialmente desfavorecidos.

b) Na fixación dos prezos públicos por accións formativas poderase esixir unha tarifa en pagamento único en concepto de matrícula e unha tarifa de pagamento periódico polos servizos efectivamente recibidos.

c) Na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos.

d) Os prezos públicos esixiranse en réxime de autoliquidación, que se practicará a través dos impresos habilitados para o efecto pola Administración provincial. A autoliquidación correspondente á matrícula realizarse no momento da inscrición nas actividades gravadas e ás autoliquidacións correspondentes ás tarifas periódicas, no caso de establecerse, deberanse de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días do período ao que se refiran. O pagamento dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas

actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.

e) A fixación dos prezos dos diferentes servizos e actividades poderá delegarse na Xunta de Goberno, suposto no que se incluírá na programación anual da escola.

f) O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado para o efecto pola Deputación Provincial de Ourense en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

2. O acceso ás exposicións organizadas e xestionadas pola escola será gratuíto.

Artigo 5º.- Procedemento de inscrición e baixa nas actividades incluídas na programación anual.

1. A inscrición nas actividades da escola realizarase mediante instancia dirixida á Presidencia, nos modelos que se establezan para o efecto, nos prazos establecidos na programación anual, podendo presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Os solicitantes deberán cumprir os requisitos que, se é caso, estableza a programación anual para a actividade de que se trate.

Unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes, a Presidencia resolverá sobre as inscricións solicitadas, mediante decreto que non será obxecto de notificación individualizada, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense.

2. A Presidencia, de oficio, e tras a tramitación previa de expediente contradictorio con audiencia dos interesados, poderá declarar a baixa forzosa dos usuarios que vulneren as normas básicas de convivencia no desenvolvemento das accións ou de calquera xeito perturben o seu normal funcionamento.

3. Os interesados poderán, en calquera momento, causar baixa voluntaria en calquera acción na que participen, comunicándollos á dirección da escola.

4. A baixa nas accións nas que participen os usuarios non dará dereito á devolución dos prezos públicos aboados en concepto de matrícula, nin os correspondentes aos servizos xa prestados ou aos servizos correspondentes ao período de facturación no que se produza a dita baixa.

5. No non previsto nesta ordenanza serán de aplicación as previsións que estableza a programación anual e, no seu defecto, as normas xerais de procedemento administrativo común.

Disposición derradeira

Esta ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Segundo: De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei de bases do réxime local, someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, polo prazo dos trinta (30) días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP, realizándose igualmente a pertinente publicación no taboleiro da sede electrónica da Deputación Provincial. Durante o expresado prazo poderán presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

5º.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA ESCOLA PROVINCIAL DE GAITAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

D.ª Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa Especial de Contas, Facenda e Recursos Humanos.

O debate deste asunto tivo lugar conxuntamente co punto 3º e 4º da orde do día que está recollido no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza reguladora da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense, quedando o seu texto íntegro coa seguinte redacción:

Ordenanza reguladora da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense

Título I.- Disposicións xerais

Artigo 1.- Obxecto

O obxecto da presente ordenanza é o establecemento do réxime xurídico específico da Escola Provincial de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense.

Artigo 2.- Definición e natureza

1. A Escola Provincial de Gaitas constitúe un servizo público de carácter cultural e educativo de titularidade da Deputación Provincial de Ourense, desenvolto ao abeiro da competencia atribuída ao goberno provincial para a realización de actividades cuxa finalidade sexa o fomento en materia de educación e cultura, de conformidade co disposto no artigo 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

O obxecto principal da Escola Provincial de Gaitas está constituído polo ensino con carácter non regrado das músicas e cantos tradicionais de Galicia, cuxa finalidade fundamental é ofrecer unha formación práctica dirixida a afeccionados de calquera idade e, se é o caso, orientar aos seus alumnos cara aos estudos profesionais. A formación que ofrece a Escola de Gaitas non conduce á obtención de títulos con validez académica ou profesional, sen prexuízo da posibilidade do seu recoñecemento futuro polas autoridades educativas.

Complementariamente ao dito obxecto principal, a Escola poderá realizar todo tipo de actividades relativas ao fomento da música tradicional galega, tales como concursos, exposicións e outras análogas. As actividades concretas que integrarán o servizo determinaranse anualmente conforme co previsto no artigo 4.

3. A Escola de Gaitas é un establecemento dependente da administración provincial e carente de personalidade xurídica, integrándose, para todos os efectos, na Deputación Provincial de Ourense, a cuxos órganos de goberno lles corresponde, en exclusiva, a adopción dos actos e disposicións precisos para o seu funcionamento, e, en particular, de calquera acto administrativo con efectos fronte terceiros.

Artigo 3.- Modos de xestión

A Escola de Gaitas, como servizo público da Deputación Provincial de Ourense, poderá ser xestionada por calquera dos modos de xestión previstos na lexislación de réxime local.

Artigo 4.- Programación anual da Escola

1. As actividades que desenvolverá a Escola determinaranse antes do 15 de setembro de cada exercicio, para un período máximo de doce meses. A programación anual será aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, a proposta da Dirección da Escola, e incluírá as determinacións seguintes:

- Accións formativas que se desenvolverán, incluíndo o seu calendario e a relación de recursos humanos e materiais necesarios para a súa impartición.
- Prazos e procedemento de inscrición para a participación nas accións formativas.
- Outras actividades previstas.
- Prezos públicos dos servizos previstos, fixados de conformidade co establecido no artigo 30, sempre e cando a facultade para a súa fixación fose delegada na Xunta de Goberno.

A programación poderá suxeitar o efectivo desenvolvemento das accións previstas ao cumprimento de determinadas condicións de carácter obxectivo, e, en particular, á existencia dun número mínimo de alumnos matriculados na acción formativa. Igualmente, a programación poderá establecer requisitos específicos de acceso das persoas interesadas a determinadas accións formativas ou doutro tipo que leve a cabo a Escola. Estes requisitos deberán ter unha xustificación obxectiva e en ningún caso poderán ser discriminatorios. En particular, non se considerará discriminatoria a limitación do acceso a determinadas actividades a persoas pertencentes a colectivos específicos precisados dunha especial atención por parte das administracións públicas.

2. A programación aprobada será obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica da Deputación Provincial.

3. A programación anual poderá ser modificada por razóns de oportunidade debidamente xustificadas ao longo da súa vixencia.

4. Na primeira programación que se aprobe establecerase a estrutura xeral das ensinanzas que se impartirán na Escola Provincial de Gaitas, definindo os cursos, ciclos e etapas que a integren.

Unha vez finalizada a formación definida na dita estrutura xeral, os alumnos poderán voluntariamente permanecer nas agrupacións artísticas, instrumentais e de canto da Escola ás que se refire o artigo seguinte.

A estrutura xeral manterase, poderá modificarse ou reaxustarse nas sucesivas programacións anuais que se aproben.

Artigo 5.- Agrupacións da Escola.

Como complemento artístico do ensino académico establecido, establécense as seguintes agrupacións musicais:

a) Banda de preparatorio

b) Banda Atarazana.

c) Grupo de zanfonas

d) Cantareiras da Real Banda

e) Real Xuvenil

f) Real Banda de Gaitas da Deputación Provincial de Ourense No acordo da Xunta de Goberno no que se estableza a estrutura xeral das ensinanzas, estableceranse os criterios de adscrición dos alumnos da Escola ás distintas agrupacións musicais, sendo a participación nestas agrupacións obrigatoria, como parte do programa formativo. A través

destes acordos poderán crearse, modificarse ou suprimirse as agrupacións recollidas inicialmente na presente ordenanza.

Sen prexuízo da súa adscrición á Escola, o réxime específico de funcionamento destas agrupacións musicais poderá ser obxecto de regulación a través dunha ordenanza propia.

Título II.- Proceso de admisión e matriculación.

Artigo 6.- Admisión e oferta de prazas

1. Anualmente, mediante Decreto do presidente da Deputación de Ourense, e a proposta da dirección da Escola, aprobarase a convocatoria de admisión e apertura do prazo de matrícula ordinario ou extraordinario, con indicación do número de prazas vacantes e das reservadas a alumnos matriculados no curso anterior, conforme co establecido na programación anual da Escola.

2. A referida convocatoria de admisión, apertura do prazo de matrícula e a oferta de prazas vacantes publicarase na sede electrónica da Deputación e no BOP.

Artigo 7.- Requisitos e condicións.

Para ser admitidos, os solicitantes deberán cumprir o requisito de idade establecida para participar no curso escolar no que se solicite a praza, e aboar os prezos públicos correspondentes, así como presentar a súa solicitude dentro do prazo de matrícula establecido.

Artigo 8.- Procedemento de admisión e formalización de matrícula

1. As solicitudes de ingreso estarán a disposición dos interesados na Escola e na sede electrónica da Deputación Provincial.

2. As solicitudes presentaranse na Secretaría da Escola ou no Rexistro Xeral da Deputación de Ourense. A dita presentación das solicitudes non suporá, en ningún caso, a admisión automática.

3. Os alumnos matriculados no curso anterior terán dereito á reserva automática da súa praza, agás nos supostos en que fosen privados deste dereito mediante expediente disciplinario.

No suposto de que o número de solicitudes de alumnos sen dereito a reserva de praza sexa superior ao de prazas vacantes, a selección dos alumnos admitidos efectuarase por sorteo público, do que dará fe o secretario xeral da Deputación, e cuxo resultado se fará público a través da sede electrónica da Deputación. Os solicitantes que non obtivesen praza pasarán a integrar unha lista de espera, que terá vixencia ata a finalización do segundo trimestre do curso, podendo incorporarse ao longo dese período no momento en que se produza unha vacante.

4. Os solicitantes que obtivesen praza (ben por tela reservada, ben a través do sorteo) deberán presentar a documentación sinalada no artigo seguinte no prazo de cinco días hábiles a partir da data de publicación do resultado do sorteo na sede electrónica da Deputación.

Artigo 9.- Documentación

1. A documentación que deberá achegarse para a formalización de matrícula será a seguinte:

- Unha fotografía tamaño carné.
- Copia do DNI ou NIE. No caso de menores de 14 anos, esta documentación poderá ser substituída pola partida de nacemento ou fotocopia do libro de familia para os menores de 14 anos.
- No caso de menores de idade, autorización da nai, pai ou titor para a inscrición do menor.
- Se é o caso, documentación acreditativa da concorrencia dos supostos de bonificación dos prezos públicos.
- Acreditación do pago do importe da matrícula e da primeira cota periódica, no caso de establecerse esta última modalidade de tarifa.
- Se ten coñecementos musicais ou de canto deberá achegar documentación que o acredite.

2. Mediante resolución expresa da Presidencia, declararanse os aspirantes admitidos e excluídos. Para estes efectos, entenderase que o solicitante que non presente a documentación no prazo fixado desiste da praza, quedando excluído por este motivo. A resolución do procedemento de admisión será obxecto de publicación na sede electrónica da Deputación Provincial de Ourense e no Boletín Oficial da Provincia.

Título III.- Dereitos e deberes dos alumnos, pais ou titores.

Artigo 10.- Dereitos dos alumnos

Son dereitos dos alumnos os seguintes:

- a) Recibir unha formación que asegure, polo menos, a consecución dos obxectivos mínimos contemplados no plan de estudos da Escola.
- b) Solicitar sesión de tutoría no horario previsto para isto.
- c) Ser avaliados no seu rendemento con plena obxectividade.
- d) Ser informados sobre os sistemas e criterios de avaliación polos profesores.
- e) Solicitar cantas aclaracións consideren precisas acerca das valoracións que se realicen sobre o seu proceso de aprendizaxe. En caso de que, tras as oportunas aclaracións, exista desacordo coas cualificacións finais, poderán solicitar por escrito a revisión da dita cualificación ou decisión.

- f) Utilizar as instalacións da Escola coas limitacións derivadas da programación, de actividades escolares e extraescolares e coas debidas precaucións, en relación coa seguridade das persoas, a adecuada conservación dos recursos e o correcto destino destes.
- g) Participar no funcionamento e na vida da Escola.
- h) Ser informados das faltas cometidas e sancións correspondentes.
- i) Desenvolver a súa actividade na Escola nas debidas condicións de seguridade e hixiene.

Artigo 11.- Deberes dos alumnos.

Son deberes dos alumnos os seguintes:

- a) Asistir a clase e participar nas actividades orientadas ao desenvolvemento do plan de estudos, mantendo a debida aplicación.
- b) Respetar rigorosamente os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades da Escola.
- c) Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e mostrarlle o debido respecto e consideración.
- d) Respetar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- e) Avisar con antelación das ausencias que se poidan prever, especialmente se se trata de ensaios ou actividades de igual consideración.
- f) Non abandonar a Escola durante as horas lectivas, en caso de alumnos menores de idade, agás que conste permiso expreso dos pais ou titores.
- g) Respetar o proxecto educativo e o carácter propio da Escola, de acordo coa lexislación vixente.
- h) Participar na vida e funcionamento da Escola.
- i) Participar nos concertos e actividades públicas da Escola, a través das súas agrupacións musicais, que formen parte da actividade formativa conforme coa estrutura xeral de ensinanza e coa programación anual. A falta de asistencia a estas actividades será considerada como se faltase a unha clase.
- j) Asistir a todos os ensaios e ás actuacións correspondentes, salvo causa xustificada.
- k) Coidar e utilizar correctamente os bens, mobles, instrumentos e as instalacións da Escola, así como respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- l) Os usuarios deberán en todo momento facer bo uso tanto das instalacións como do mobiliario e material da Escola.
- m) O aboamento dos prezos públicos correspondentes.

Artigo 12.- Dereitos dos pais ou titores de alumnos menores de idade

Son dereitos dos pais ou titores de alumnos menores de idade os seguintes:

- a) Recibir información e orientación sobre o rendemento académico dos seus fillos.
- b) Ser informados das ausencias inxustificadas dos seus fillos.
- c) Ser informados das posibles anomalías de conduta, que requiran unha acción conxunta.
- d) Ser informados oportunamente dos prazos de matriculación.
- e) Dirixirse ao profesor correspondente, no horario establecido para isto e tras a citación previa.

Artigo 13.- Deberes dos pais ou titores legais dos alumnos menores de idade

Son deberes dos pais ou titores dos alumnos menores de idade os seguintes:

- a) Tratar con respecto e consideración aos profesores, persoal non docente e alumnos.
- b) Acudir a cantas citacións se lles cursen pola dirección da Escola e profesores.
- c) Non interferir no labor dos profesores, respectando as normas relativas, tanto ao acceso ás instalacións como ao mantemento da orde dentro da Escola.
- d) Respetar o proxecto educativo e as normas que rexen a Escola.
- e) Recoller aos menores de idade á finalización das clases.

Artigo 14.- Horarios da Escola

Os horarios das clases estableceranse na programación anual da Escola e serán, prioritariamente, en horario de tarde, de luns a venres.

Artigo 15.- Dispensa de asistencia

A Presidencia da Deputación, tras o informe previo da Dirección da Escola, poderá conceder dispensa de asistencia, con reserva de praza, por un período máximo dun curso escolar, por causa xustificada.

Artigo 16.- Calendario escolar

A Escola Provincial de Gaitas seguirá o calendario escolar que determine a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense a través da programación anual da Escola.

Título IV.- Réxime disciplinario

Artigo 17.- Amoestacións

Os profesores, no exercicio das súas funcións docentes, poderán efectuar as amoestacións orais privadas que estimen pertinentes e os correspondentes apercibimentos a aquel alumno que pola súa actitude entorpeza ou dificulte o bo funcionamento da clase, sen que isto poida considerarse unha sanción, nin tipificarse como infracción administrativa.

Artigo 18.- Réxime xeral

1. Os alumnos non poderán ser sancionados por comportamentos ou condutas distintas das tipificadas como faltas na presente ordenanza.

2. A imposición das sancións previstas na presente ordenanza deberá ser proporcional ás faltas cometidas e terá como obxectivo último contribuír á mellora do proceso educativo dos alumnos e garantir a orde no funcionamento do servizo educativo.

3. As faltas tipificadas na presente ordenanza clasifícanse exclusivamente en graves e moi graves.

4. Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para a imposición de sancións deberán ter en conta a idade dos alumnos e o nivel escolar en que se atopen.

Artigo 19.- Réxime disciplinario

1. O procedemento disciplinario rexerase polo disposto na presente ordenanza e con carácter supletorio polo disposto no título IV da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e demais disposicións que resulten de aplicación.

2. Non poderán impoñerse sancións sen a tramitación do correspondente expediente contradictorio previo. Cando se trate de alumnos menores de idade porase en coñecemento dos seus pais ou titores.

Artigo 20.- Procedemento disciplinario

1. A incoación do expediente por feitos que poidan constituír falta disciplinaria será acordada pola Presidencia a pedimento da Dirección da Escola.

2. A instrución do expediente levarase a cabo por un funcionario da Deputación Provincial de Ourense que determine o presidente da institución.

3. O alumno e, se é o caso, os seus pais ou representantes legais, poderán recusar ao instructor nos supostos previstos na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4. Excepcionalmente, ao iniciarse o procedemento, en calquera momento da súa instrución, poderán adoptarse polo órgano competente as medidas provisionais que se consideren oportunas, entre elas a suspensión temporal do dereito de asistencia á Escola ou o cambio provisional de grupo do alumno.

5. Iniciado o expediente daráselle audiencia ao alumno, e, se é menor de idade aos seus pais ou representantes legais, comunicándolle, en todo caso, as condutas que se lle imputan e a proposta de sanción que se eleve ao órgano competente para a súa resolución.

6. A resolución, que en todo caso deberá ser motivada, deberá conter os feitos que se lle imputan ao alumno, os fundamentos xurídicos en que se basea a imposición da sanción, as circunstancias atenuantes ou agravantes, se é o caso, e o contido da sanción con expresión da data a partir da cal esta produce os seus efectos.

7. A resolución notificaráselles de modo fidedigno ao interesado ou aos seus representantes legais.

8. Contra a dita resolución o interesado poderá interpoñer os recursos previstos no ordenamento xurídico.

Artigo 21.- Esixencia de responsabilidade patrimonial por danos ou prexuízos

No suposto da comisión de faltas disciplinarias que impliquen a produción de danos ou perdas economicamente avaliábeis á administración provincial, a Deputación poderá esixir a responsabilidade patrimonial correspondente. O exercicio desta acción administrativa levarase a cabo a través do propio procedemento disciplinario, como cuestión acumulada ao seu obxecto. A resolución que se adopte terá carácter executivo, conforme coas normas xerais sobre executividade dos actos administrativos.

Artigo 22.- Potestade disciplinaria e órganos competentes

A competencia para sancionar as infraccións tipificadas na presente ordenanza correspóndelle á Presidencia da Deputación ou órgano no que delegue o exercicio desta competencia.

Artigo 23.- Faltas graves e moi graves

1. Son faltas graves:

- a) As faltas de asistencia a clase nun número de cinco ao trimestre, que non estean xustificadas.
- b) Os actos de indisciplina e os que perturben o desenvolvemento normal das actividades da Escola.
- c) Os actos de incorrección ou desconsideración con compañeiros ou outros membros da comunidade educativa.
- d) Os danos causados nas instalacións, material da Escola ou nos bens e pertenzas dos membros da comunidade educativa.
- e) Os actos individuais ou colectivos que alteren o normal desenvolvemento das actividades da Escola.
- f) O incumprimento dos acordos e resolucións adoptados polos órganos de goberno da Deputación respecto do funcionamento da Escola, e das instrucións de funcionamento do servizo impartidas pola dirección da Escola ou polo profesorado.

2. Son faltas moi graves:

- a) Os actos de indisciplina, inxurias ou ofensas moi graves contra os membros da comunidade educativa.

- b) O acoso físico ou psicológico aos compañeiros, docentes ou persoal ao servizo da Escola.
- c) A subtracción de bens da Escola ou de calquera membro da comunidade educativa.
- d) A falsificación ou subtracción de documentos académicos.
- e) O uso, a incitación a el ou a introdución na Escola de obxectos ou sustancias prexudiciais para a saúde ou perigosas para a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.
- f) Os danos graves causados por uso indebido nos locais, mobiliario, material e documentos da Escola, ou nos bens pertencentes a outros membros da comunidade educativa.
- g) Os actos individuais ou colectivos que alteren gravemente o normal desenvolvemento das actividades da Escola.
- h) As faltas tipificadas como graves se concorren circunstancias de colectividade e/ou publicidade intencionada.

Artigo 24.- Imposición de sancións

Por faltas graves:

1. Prohibición temporal de participar nas actividades extraescolares da Escola, como máximo durante todo o curso escolar no que se produza a falta.
2. Cambio de grupo do alumno.
3. Privación de asistencia á Escola por un período dun a sete días lectivos, sen que isto comporte a perda da avaliación continua.
4. Realización de tarefas que cooperen á reparación en horario non lectivo do deterioro ou dos danos causados.

Por faltas moi graves:

1. Privación de asistencia á Escola por un período superior a sete días lectivos, e inferior a un mes, sen que isto comporte a perda da avaliación continua.
2. Restauración íntegra dos bens que fosen deteriorados e asunción dos custos que desta se deriven.
3. Perda do dereito á reserva de praza para o curso seguinte, debendo superar o correspondente proceso de admisión se quixesen continuar os seus estudos na Escola.
4. Inhabilitación definitiva para cursar estudos na Escola.

Artigo 25.- Gradación da sanción

1. Considéranse circunstancias atenuantes:

- a) O espontáneo recoñecemento da falta.

- b) Non ter sido sancionado con anterioridade con resolución administrativa firme, en vía administrativa, polas faltas tipificadas nesta ordenanza.
- c) No caso de que existisen danos nos bens mobles ou inmoables, a súa reparación por vontade propia do causante antes de recaer a resolución do expediente.
- d) Non ter tido intención de causar mal, dano ou perda tan grave como o ocasionado.

2. Considéranse circunstancias agravantes:

- a) A comisión dunha falta tipificada contra os alumnos en quen concorran algunha ou varias das seguintes circunstancias: que sexan menores de idade, que presenten algún grao de discapacidade física ou psíquica, ou que se incorporasen recentemente á Escola.
- b) A premeditación ou acordo previo.

A concorrencia dunha ou máis circunstancias agravantes ou atenuantes será tida en conta na resolución do expediente para os efectos de elevar ou diminuír a graduación da sanción.

Artigo 26.- Aplicación fóra do recinto escolar.

A comisión da falta fóra do recinto escolar non será óbice para a aplicación da presente Ordenanza cando esta se efectúe durante o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares programadas pola Escola.

Artigo 27.- Anotación das sancións

Das sancións impostas pola comisión de faltas graves ou moi graves deixarase constancia no expediente académico individual do alumno.

Artigo 28.- Cancelación

1. A cancelación das anotacións sobre sancións existentes no expediente académico individual do alumno poderá efectuarse de oficio polo órgano competente ou a pedimento do profesor, do alumno ou dos seus representantes legais.

2. Para obter a cancelación será en todo caso necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

- a) Que o alumno cumprise a sanción imposta.
- b) Que desde o cumprimento da sanción imposta ao alumno transcorrese o prazo de seis meses para as faltas graves e un ano para as faltas moi graves.
- c) Que o alumno, durante os prazos sinalados no parágrafo anterior, non cometese unha nova infracción constitutiva de falta.

3. A solicitude de cancelación formalizarase por escrito ante a Presidencia da Deputación, quen obterá da dirección da Escola a elaboración dun informe sobre o cumprimento dos requisitos enumerados no apartado anterior. Recibido o informe, con carácter previo á resolución, daráselle audiencia ao interesado.

Artigo 29.- Prescrición de infraccións e sancións

1. As infraccións moi graves prescribirán ao ano e as graves aos seis meses.
2. As sancións por infraccións moi graves prescribirán ao ano e as graves aos seis meses.

Título V.- Prezos públicos

Artigo 30.- Prezos públicos polos servizos prestados pola Escola

Os servizos educativos prestados pola Escola Provincial de Gaitas serán gravados mediante prezos públicos de xeral aplicación, que se determinarán mediante as seguintes regras:

- a) Dado o carácter de interese cultural, social e educativo das actividades desenvoltas pola Escola, os prezos non terán que cubrir integramente os custos do servizo. Non obstante o anterior, deberán cubrir cando menos e como regra xeral, o 60% dos custos do servizo, excepto nos casos previstos no apartado c).
- b) Na fixación dos prezos públicos por accións formativas poderase esixir unha tarifa en pago único en concepto de matrícula e unha tarifa de pago periódico polos servizos efectivamente recibidos.
- c) Na fixación das tarifas poderán establecerse bonificacións dirixidas a persoas con baixo nivel de renda ou pertencentes a colectivos especialmente desfavorecidos, así como a membros de familias numerosas.
- d) Os prezos públicos esixíranse en réxime de autoliquidación, que se practicará a través dos impresos habilitados ao efecto pola Administración provincial. A autoliquidación correspondente á matrícula realizarse no momento da inscrición nas actividades gravadas e ás autoliquidacións correspondentes ás tarifas periódicas, no caso de establecerse, deberán de efectuar por adiantado nos primeiros cinco (5) días do período ó que se refiran. O pagamento dos prezos públicos será requisito inescusable para a admisión nas actividades ou servizos gravados, e o cesamento no seu pagamento determinará a suspensión automática no dereito á recepción do servizo.
- e) A fixación dos prezos dos diferentes servizos e actividades poderá delegarse na Xunta de Goberno, suposto no que se incluírá na programación anual da Escola. En caso de non ser delegada, serán establecidos mediante acordo do Pleno da Deputación.
- f) O pagamento dos prezos públicos deberá realizarse a través do modelo de autoliquidación habilitado ao efecto pola Deputación Provincial de Ourense en calquera das entidades bancarias colaboradoras que se indiquen no impreso, nas oficinas de Correos, a través da pasarela de pagos da sede electrónica da Deputación Provincial ou por calquera outro medio que se habilite pola Deputación Provincial.

Disposición final.- Entrada en vigor

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do décimo quinto día hábil contado a partir do día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Segundo: De conformidade co disposto no artigo 49 da Lei de bases do réxime local, someter o presente expediente e o acordo de aprobación inicial ao trámite de información pública e audiencia dos interesados, polo prazo dos trinta (30) días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio no BOP, realizándose igualmente a pertinente publicación no taboleiro da sede electrónica da Deputación Provincial. Durante o expresado prazo poderán presentarse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación Provincial, coa aprobación definitiva, se é o caso, da ordenanza. Se non se presentan reclamacións ou suxestións entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional adoptado.

6º.- APROBACIÓN DA CESIÓN DUN TREITO DA ESTRADA OU-0301 SAN CLODIO (OU-211) - CENLLE (OU0303), DENDE O P.Q. 0+000 ATA O P.Q. 1+103, A FAVOR DO CONCELLO DE LEIRO.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Primeiro: Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello de Leiro (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89
OU-0301	San Clodio (OU-211) - Cenlle (OU-0303)	0+000	572.517,06 – 4.691.058,97	1+103	573.227,69 – 4.691.172,36

Segundo: De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as administracións interviñentes.

Terceiro: Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense

deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo, nos termos indicados.

7º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE NÚMERO 5/2025 DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

Previamente corresponde a ratificación da inclusión na orde do día deste punto, xa que non foi ditaminado en comisión informativa, e que é aprobada por unanimidade.

D.^a Marta Nóvoa Iglesias, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia. A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o expediente número 5/2025 de modificación das bases de execución do orzamento xeral da entidade para o exercicio 2025, do seguinte xeito:

A Deputación Provincial de Ourense o pasado 7 de febreiro de 2024 asina un protocolo de colaboración coa Consellería de Medio Rural para o desenvolvemento de actuacións conxuntas dirixidas ao mantemento e a conservación das infraestruturas preventivas e da contorna agroforestal para a prevención e a defensa contra os incendios forestais.

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria celebrada o 25 de abril de 2025, aprobaba inicialmente o expediente de modificación de créditos número 2/2025 dos orzamentos da entidade para o exercicio 2025, e **dotaba crédito extraordinario**, con cargo á aplicación orzamentaria **41411/76201** “ Medio rural. A concellos” **pola cantidade de 1.550.000,00 euros para diversas axudas a concellos.**

Este expediente publicouse no BOP número 80 de 29 de abril de 2025, rematando o prazo de alegacións o próximo 21 de maio de 2025 ás 24:00 horas.

En base as solicitudes formuladas polos distintos alcaldes/ presidentes das entidades da provincia proponse o **desglose dos beneficiarios das axudas destinadas a adquisición de un tractor novo e dúas rozadoras, unha trituradora e outra de brazo, e que non afectan cuantitativamente** ao Orzamento Xeral do exercicio 2025.

1	Mancomunidad de Santa Águeda	100.000,00 €
2	Carballeda de Avia	100.000,00 €
3	Allariz	100.000,00 €
4	Padrenda	100.000,00 €
5	Chandrexa de Queixa	100.000,00 €

6	Vilar de Santos	100.000,00 €
7	Póboa de Trives	100.000,00 €
8	O Carballiño	100.000,00 €
9	Vilardevós	100.000,00 €
10	Carballeda de Valdeorras	100.000,00 €
11	Verín	100.000,00 €
12	Xunqueira de Ambia	100.000,00 €

2º.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

8º.- APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO CONSORCIO PROVINCIAL DE OURENSE PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZO CONTRA INCENDIOS E DE SALVAMENTO E A SÚA INTEGRACIÓN NO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, PARA O EXERCICIO 2025.

Previamente corresponde a ratificación da inclusión na orde do día deste punto, xa que non foi ditaminado en comisión informativa, e que é aprobada por unanimidade.

D. Plácido Álvarez Dobaño, do Grupo Popular, expón o contido da proposta da Presidencia.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8](#)

Non se producen máis intervencións e, co voto favorable do Grupo Popular (12), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (3) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobado inicialmente o orzamento do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento para o exercicio 2025, conforme co proxecto aprobado polo Pleno do Consorcio o 27 de maio de 2025, por importe de **cinco millóns seiscientos dezaseis mil cincocentos noventa e cinco euros (5.616.595,00 €)**, co seguinte resumo por capítulos:

ESTADO DE GASTOS: RESUMO POR CAPÍTULOS	
Capítulo	Importe
1.- Gastos de persoal	4.492.305,00 €
2.- Gastos correntes en bens e servizos	1.080.090,00 €
3.- Gastos financeiros	200,00 €
4.- Investimentos reais	40.000,00 €
5.- Activos financeiros	4.000,00 €
TOTAL GASTOS	5.616.595,00 €

ESTADO DE INGRESOS: RESUMO POR CAPÍTULOS	
Capítulo	Importe
3.- Taxas, prezos públicos e outros ingresos	101.000,00 €
4.- Transferencias correntes	5.511.595,00 €
8.- Activos financeiros	4.000,00 €
TOTAL INGRESOS	5.616.595,00 €

2º.- Someter a exposición pública o orzamento inicialmente aprobado polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP. Durante o dito prazo os interesados poderán presentar reclamacións ante o Pleno nos termos previstos no artigo 170 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. O orzamento do Consorcio considerárase definitivamente aprobado se durante o dito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario o Pleno da Deputación disporá dun prazo dun mes para revolvelas.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento do Consorcio inserirase, resumido por capítulos, no BOP, entrando en vigor no exercicio 2025.

9º.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO POPULAR, DO GRUPO SOCIALISTA, DO BNG E DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á DEMANDA AO GOBERNO DE ESPAÑA, ADIF E RENFE EN RELACIÓN Á ESTACIÓN “A GUDIÑA, PORTA DE GALICIA”.

D. José María Lago Cabo, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

O pasado 12 de maio o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible anunciou que melloraría os tempos de viaxe e aumentaría o número de prazas dispoñibles no corredor ferroviario de alta velocidade Galicia-Madrid para viaxar a partir do 9 de xuño, data na que Renfe poñería en marcha unha nova oferta con máis trens da serie 106 en circulación, en substitución dos tradicionais Alvia.

O certo é que non todas as estacións deste Corredor verán mellorados os seus servizos, pola contra, hai algunhas que se ven moi prexudicadas como a ourensá de “A Gudiña-Porta de Galicia”. Vexamos:

Sentido Madrid Chamartín “Clara Campoamor”

Na actualidade hai catro trens que recollen viaxeiros e saen da Gudiña con destino a Madrid. Un AVLO das 8.28, un Alvia das 13.44, un Alvia das 9.14 e unha AVE das 19.27. A partir do 9 de xuño só sairán tres trens: un AVLO ás 12.08, un Alvia ás 13.42 e un AVLO ás 17.45.

Con estes cambios pérdese o primeiro servizo matinal que permitía chegar a Madrid ás 10.34 horas e aproveitar boa parte da mañá na capital. A partir do 9 de xuño os viaxeiros que monten na Gudiña non chegasen a Madrid antes das 14.08, sendo imposible aproveitar a mañá para realizar xestións. E se quixesen regresar o mesmo día só terían catro horas hábiles na capital, xa que ás 18.06 sae o último tren de volta para A Gudiña.

Sentido A Gudiña-Porta de Galicia

Na actualidade hai cinco trens que saen de Madrid e paran na Gudiña. Son os das 6.15, 13.15, 17.08, 18.25 e 19.17.

A partir do 9 de xuño só sairán tres trens de Madrid con parada na Gudiña: un AVLO ás 8.25, un Alvia ás 13.20 e un AVLO ás 18.06. Pérdense dous servizos.

Sinalar que a estación “Porta de Galicia” atende a demanda demais dos veciños desta localidade, dos habitantes das comarcas de Monterrei, Viana e Valdeorras e da área do distrito de Tras-Vos-Montes próxima a Chaves e o de Vila Real. Tamén é moi utilizada por peregrinos da Vía da Prata que chegan aquí e inician nesa localidade o camiño de Santiago. Destacar tamén que o número de usuarios desta estación non parou de crecer desde a súa inauguración en decembro de 2021, pois xa foron por 107.400 viaxeiros os que subiron ou baixaron nesta terminal, deles 38.600 no pasado ano 2024.

Os usuarios do ferrocarril desta estación séntense moi prexudicados por estes horarios e é por iso polo que demandamos no seu nome unha pronta rectificación.

Os monumentais investimentos realizados con cargo ao erario público para construír a LAV a Galicia deben servir con racionalidade e solidariedade para que todos os usuarios das estacións de alta velocidade do seu percorrido vexan satisfeitas as súas necesidades de mobilidade.

O Goberno e RENFE deben rectificar estas inxustas decisións, decisións que se tomaron por presións de certo alcalde de gran cidade que o que fan é desprezar os habitantes do interior de Galicia, xa que para gañar entre 10 e 20 minutos de viaxe maltratan a Ourense en xeral e a estación de A Gudiña en particular, debéndose repoñer paradas na Gudiña e uns horarios razoables para os usuarios. En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes asuntos.

Do mesmo xeito na estación de A Gudiña nunca se puideron acceder os descontos de trens de media distancia coma nas outras estacións por motivos que RENFE nunca aclarou, facendo que o coste de o billete sexa moi superior as outras estacións causándolle os usuarios de este servizo que viven no rural e este é o seu medio de transporte publico para ir o medico ou a realizar xestións na capitalidade provincial ou nacional un sobrecusto que non é xusto respecto a outros usuarios, descontos que se aplican en traxectos coma Ourense- A Coruña por exemplo.

Ademais a estación de A Gudiña-Porta de Galicia presenta un gran desleixo por parte do goberno central e do AFIF ao non querer dotar de ascensores a devandita estación facendo que os usuarios con discapacidade teñan que usar unha rampla de aproximadamente 100 metros de lonxitude.

Nunha estación de máis de 4 millóns de euros e cun gran movemento de viaxeiros coma xa foi detallado o aforro de 80.000 € non e motivo para non dotar dunha infraestrutura xa demandada dende os colectivos coma Cogami, Once, e Cocemfe, ascensor que xa foi proxectado e quedou o oco, oco onde hoxe en día existe un xardín e que fai que entre frío cara a sala de espera o estar descuberto.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1º. Reclamar ao goberno de España e a Renfe que manteña todos os servizos e número de paradas de tren como na actualidade e as potencie.

2º. Reclamar ao goberno de España e a Renfe que aplique todos os descontos como os que se aplican noutras estacións de alta velocidade.

3º. Reclamar ao goberno de España e a ADIF que doten de ascensores a estación de A Gudiña como nas outras estacións de alta velocidade.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º. Reclamar ao Goberno de España e a Renfe que manteña todos os servizos e número de paradas de tren como na actualidade e as potencie.

2º. Reclamar ao Goberno de España e a Renfe que aplique todos os descontos como os que se aplican noutras estacións de alta velocidade.

3º. Reclamar ao Goberno de España e a ADIF que doten de ascensores a estación de A Gudiña como nas outras estacións de alta velocidade.

10.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O NOMEAMENTO URGENTE DUN COMITÉ ÉTICO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE TRAS UNHA DÉCADA SEN FUNCIONAR.-

D.^a Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

Fai case dez anos, en xuño de 2015, o mundo institucional ourensán viviu un momento inaudito: o Comité Ético da Deputación de Ourense, creado polo entón presidente, Xosé Manuel Baltar, coma un dos seus fitos máis visibles da súa política de transparencia e bo goberno, dimitiu en masa durante a análise dun caso de evidente relevancia ética. O Comité Ético da Deputación de Ourense naceu con grandes expectativas, pero morreu antes de cumprir a súa función.

Cando chegou o momento de actuar, os seus membros -catro de cinco- decidiron abandonar o posto ao comezo do debate sobre un asunto sensible que involucraba ao presidente da institución. A denuncia presentada polo Grupo Provincial Socialista, relativa a posibles prácticas de acoso sexual mediante oferta de emprego, foi o detonante dunha crise que puxo ao descuberto fragilidades estruturais e falta de independencia deste órgano, ademais da vulnerabilidade do mecanismo para facer fronte a conflitos de interese ou cuestións de alta carga política.

A institución provincial quedaba sen un órgano esencial para a resolución de conflitos éticos, a mediación entre partes implicadas en disputas laborais ou institucionais de natureza sensible, e a supervisión do comportamento dos representantes públicos. Desde entón, e a pesares de sucesivos compromisos públicos e promesas políticas, o Comité Ético non só non se reconfigurou, senón que permaneceu inactivo, deixando un baleiro institucional grave nun ámbito fundamental para a credibilidade da vida pública provincial. Case dez anos despois, a sociedade ourensá segue agardando unha resposta clara, comprometida e efectiva por parte da Deputación.

Faise precisa unha resposta que garanta a existencia dun espazo axeitado para a avaliación imparcial de cuestións éticas, a defensa da integridade dos servizos públicos e a protección dos dereitos das traballadoras e traballadores, pero tamén de cidadás e cidadáns. A ausencia prolongada dun Comité Ético non é só unha omisión administrativa: é un preocupante síntoma da falta de compromiso coa transparencia, rendición de contas a boa gobernanza. Entóxase imperativo poñer en marcha un novo comité, aínda que desta volta deseñado para superar erros pretéritos e dotado de garantías de autonomía, pluralidade e rigor.

A inacción representa tanto a dun instrumento de control democrático coma un retroceso no compromiso coa modernización e a transparencia institucional da Deputación de Ourense. A sociedade ourensá tamén mudou, esixindo unha meirande participación, cunha meirande conciencia sobre os dereitos laborais, nomeadamente no que atinxe á igualdade e non discriminación, e tamén unhas meirandes esixencias de transparencia e asunción de responsabilidade nos postos de poder. Neste contexto, resulta inadmisíble que un organismo tan importante coma o Comité Ético siga sen se recompoñer, mentres foros similares en diferentes instancias e administracións levan anos operando e consolidados.

A inacción prolongada deste órgano alimenta a percepción de opacidade e impunidade. Se non hai un mecanismo visible e funcional para abordar cuestións éticas, se non hai un espazo neutral para resolver conflitos complexos, se non hai garantías claras para denunciante nin canles axeitadas para a fiscalización interna, o risco de deterioro da confianza cidadá elévase de xeito exponencial. Hai que dotar á provincia dun instrumento real de gobernanza responsable, que vaia alén dos requisitos formais establecidos na lei e sexa recoñecido entre a cidadanía polo seu rigor, obxectividade e compromiso co ben común.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Aprobar o nomeamento inmediato dun novo Comité Ético da Deputación de Ourense tras unha década sen funcionar, coa fin de restablecer os mecanismos de control ético e transparencia dentro da institución.

SEGUNDA.- Desenvolver un proceso público, transparente e participativo de selección dos novos membros, baseado en criterios de mérito, experiencia, independencia e compromiso co interese público, evitando calquera tipo de vinculación directa ou indirecta co goberno provincial.

TERCEIRA.- Revisar e actualizar os estatutos e o marco legal interno do Comité Ético para garantir a súa autonomía funcional, a separación efectiva co poder político e para unha fiscalización ética, con capacidade de actuación sen inxerencias externas.

CUARTA.- Establecer un sistema de rotación e renovación progresiva dos membros, para evitar a perpetuación no cargo e asegurar a continuidade do órgano mesmo fronte a futuras vacantes ou dimisións.

QUINTA.- Dotar ao novo Comité Ético de recursos humanos e técnicos axeitados, así como de apoio xurídico e administrativo, para que poida desenvolver a súa labor con eficacia e as máximas garantías de obxectividade e transparencia.

SEXTA.- Comprometer a Deputación de Ourense a publicación anual dun informe de actividades, decisións e recomendacións do Comité Ético, como exercicio de rendición de contas cara a toda a cidadanía ourensá.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que resulta rexeitada ao obter o voto a favor do Grupo Socialista (7), a abstención do BNG (3) e o voto en contra do Grupo Popular (12) e de Democracia Ourensana (2).

11.- MOCIÓN DO BNG PARA ESIXIR DA XUNTA DE GALICIA ACCIÓNS DE PREVENCIÓN E MITIGACIÓN CONTRA A PREVISIBLE AFECTACIÓN Á CABANA GANDEIRA OURENSANA DA EHE (ENFERMIDADE HEMORRÁXICA EPIZOÓTICA).-

A esta moción presentouse unha emenda de adición do Grupo Popular.

D. Bernardo Varela López, do BNG, expón o contido da seguinte moción:

A Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE), que apareceu en Galiza en 2023, supuxo nese ano e sobre todo en 2024 unha das maiores crises sanitarias no sector gandeiro Ourensán dos últimos anos.

As características propias da nosa provincia fan que esta enfermidade poda ter unha especial incidencia e afectación (tal e como xa ocorrera no ano pasado).

Xa no Pleno ordinario desta Deputación Provincial do mes de setembro de 2024 debatemos e falamos profusamente, e de feito tomamos unha serie de acordos por unanimidade na que se reclamaba da Xunta de Galiza un plan de axudas e apoio técnico para as explotacións afectadas; pero especialmente RECLAMÁBASE un "plan de acción" preventivo e de detección para a campaña 2025.

Chegado o mes de maio de 2025 comezan a detectarse animais con síntomas compatibles con EHE (aínda que a día de hoxe non hai confirmación oficial do virus, mais sabemos que vai vir) e non se aporta orientación ningunha por parte da Consellería do Medio Rural. Os Servizos veterinarios das Oficinas Agrarias Comarcais (OAC) tampouco están informados de protocolos nin de como actuar. A ausencia de formación, prevención e información repite o caos de 2023 e 2024.

Non hai un plan preventivo pese á experiencia previa.

Certo é que existe una vacina deseñada especificamente para protexer contra o serotipo 8 do virus da Enfermidade Hemorráxica Epizoótica (EHE) , que é o serotipo actualmente en circulación en Galiza. Segundo a Axencia Europea de Medicamentos (EMA), esta vacina

proporciona inmunización activa para previr a viremia causada polo serotipo 8 en gando bovino.

Actualmente a vacina está dispoñible no mercado pero a súa administración non é obrigatoria e a decisión de vacinar recae nas gandeiras e gandeiros, que tamén deben asumir o seu custo.

Pero o máis importante nestes momentos é a posta en marcha do "plan de acción" para a prevención e a detección, tal e como tiñamos acordado en setembro de 2024.

Por todo iso propoñemos os seguintes acordos.

ACORDOS

1. Reclamar da Xunta de Galiza a adopción das seguintes medidas no que ten que ver coa EHE gandeira:

- a. Fixar unha partida orzamentaria destinada a indemnizar os casos de EHE, tanto os que rematen coa morte do animal coma os tratamentos destinados a paliar os síntomas da enfermidade e os servizos veterinarios derivados desta.*
- b. Subvencionar a vacinación voluntaria contra o virus da EHE, para todas aquelas ganderías que soliciten as doses, custeando o tratamento e o servizo veterinario derivado da vacinación, favorecendo a inmunización da cabana gandeira ourensán e galega.*
- c. Moi especialmente, a posta en marcha dun "plan de acción" con medidas preventivas e formativas co obxectivo de que a afectación á cabana gandeira da provincia sexa a menor posible.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, a emenda de adición do Grupo Popular que é aprobada por maioría, co voto favorable de todos os presentes. A continuación sométese á votación a moción coa emenda do Grupo Popular e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Reclamar da Xunta de Galiza a adopción das seguintes medidas no que ten que ver coa EHE gandeira:

- a. Fixar unha partida orzamentaria destinada a indemnizar os casos de EHE, tanto os que rematen coa morte do animal coma os tratamentos destinados a paliar os síntomas da enfermidade e os servizos veterinarios derivados desta.*
- b. Subvencionar a vacinación voluntaria contra o virus da EHE, sempre que así o indique o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), para todas aquelas ganderías que*

soliciten as doses, custeando o tratamento e o servizo veterinario derivado da vacinación, favorecendo a inmunización da cabana gandeira ourensá e galega.

c. Moi especialmente, a posta en marcha dun "plan de acción" con medidas preventivas e formativas co obxectivo de que a afectación á cabana gandeira da provincia sexa a menor posible.

12.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A RECOÑECER, PRESERVAR E DOTAR ORZAMENTARIAMENTE AOS XULGADOS DE PAZ.-

A esta moción presentouse unha emenda de engádegas do BNG que non é aceptada polo grupo propoñente da moción.

D.^a Ana Patricia Torres Madureira, do Grupo Popular, expón o contido da seguinte moción:

En Galicia, os xulgados de paz son un instrumento de xustiza que, cun marcado carácter tradicional e moi propio da nosa comunidade, demostraron ao longo da historia a súa utilidade e eficacia na resolución de conflitos.

Actualmente, os xulgados de paz están presentes na meirande parte dos concellos da provincia e abarcando practicamente todo o territorio de Galicia, converténdose, ao mesmo tempo, nun modelo de xustiza moi propio da nosa Comunidade Autónoma, imprescindible pola súa proximidade e dando servizo a todos os veciños e veciñas, xa que están integrados nos concellos. Os xulgados de paz contan con persoal que coñece os municipios e teñen unha actuación baseada sobre todo na mediación.

Os xulgados de paz constitúen a maior estrutura xudicial e son competentes nos ámbitos civil, penal e do rexistro civil, sendo este último un dos principais servizos que presta, en colaboración cos concellos.

Capítulo aparte nos xulgados de paz, meréceo o seu persoal. O secretario é un funcionario público, designado polo concello, que forma parte do Corpo de Xestión Procesual e Administrativo. As súas funcións inclúen a dirección da oficina xudicial, o exercicio da fe pública xudicial, a formación de autos e expedientes e o impulso procesual, ademais das súas propias competencias no propio concello, polo que moitas veces vense saturados e desmoralizados.

Coa aplicación da nova lei de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza, os concellos de pequeno tamaño que non son cabeza de partido xudicial verán transformar os seus Xulgados de Paz en Oficinas de Xustiza, o tamén coa posibilidade de

facen agrupacións ata chegar aos 7.000 veciños, que máis aló de servizos relacionados coa administración de xustiza, prestan outros servizos aos cidadáns.

Así, estas novas Oficinas poderán favorecer o principio de intermediación en diferentes actuacións xudiciais coa utilización de ferramentas como a videoconferencia, que permitirán conectar á cidadanía de calquera territorio -en especial, das áreas con maior despoboamento- con calquera xulgado de España.

As Oficinas poderán facilitar tamén os trámites co Rexistro Civil, serán puntos de acceso ao expediente xudicial, apoiar o sistema de cita previa con xulgados e Xerencias Territoriais, conectar cos Colexios de Avogados, practicar actos de comunicación procesual, previstas na estratexia de Xustiza 2030, e conectar coas Oficinas de Atención ás Vítimas do delito.

Pero a nova lei non ven dotada da partida orzamentaria correspondente, facendo que estas novas funcións sexan asumidas tanto polos concellos como pola Xunta de Galicia, repercutindo na súa maltreita economía, facéndolle asumir novas competencias.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

- 1. O Pleno da Deputación de Ourense manifesta o seu apoio a labor que realizan os xuíces e secretarios dos xulgados de paz de forma eficiente e eficaz en favor da proximidade da xustiza ao territorio e as persoas, coas súas funcións na resolución dos conflitos, Rexistro Civil, etc.*
- 2. Instar ao Goberno de España a promover a modificación da Lei Orgánica de Eficiencia Organizativa do Servizo Público de Xustiza para devolver aos xuíces de paz a intervención na celebración de matrimonios e manter todos os servizos, dotándoa da partida orzamentaria correspondente para desenvolver as súas funcións.*
- 3. Instar ao Goberno de España a simplificar o proceso instaurado actualmente que supón unha carga de traballo moito maior para os secretarios de xulgado de Paz, que na maioría son persoal propio das administracións, lastrados as labores que viña levando a cabo ata o momento sen ver a súa retribución mellorada a pesar de asumir maiores competencias.*
- 4. Instar ao Goberno de España a impartir unha formación exhaustiva e completa in situ sobre o programa DICIREG, que se instalou para toda a administración de xustiza e o que todos temos que adaptarnos, dado que é especialmente complicado nas Oficinas colaboradoras - que así é como se*

chaman agora – xa que non poden ir ao ritmo do persoal de Xustiza, o compartir funcións coas propias do concello.

5. *Instar ao Goberno de España a aumentar as retribucións dos secretarios de xulgado de Paz, tendo en conta a carga de traballo e maior responsabilidade.*

A continuación prodúcense as intervencións que se recollen no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, separadamente, cada punto da moción da seguinte maneira:

Primeiro punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

Segundo punto: aprobado co voto a favor do Grupo Popular (11) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (7) e do BNG (3).

Terceiro punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

Cuarto punto: aprobado por maioría de todos os presentes.

Quinto punto: aprobado co voto a favor do Grupo Popular (11), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (7).

En consecuencia, o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. O Pleno da Deputación de Ourense manifesta o seu apoio a labor que realizan os xuíces e secretarios dos xulgados de paz de forma eficiente e eficaz en favor da proximidade da xustiza ao territorio e as persoas, coas súas funcións na resolución dos conflitos, Rexistro Civil, etc.
2. Instar ao Goberno de España a promover a modificación da Lei Orgánica de Eficiencia Organizativa do Servizo Público de Xustiza para devolver aos xuíces de paz a intervención na celebración de matrimonios e manter todos os servizos, dotándoa da partida orzamentaria correspondente para desenvolver as súas funcións.
3. Instar ao Goberno de España a simplificar o proceso instaurado actualmente que supón unha carga de traballo moito maior para os secretarios de xulgado de Paz, que na maioría son persoal propio das administracións, lastrados as labores que viña levando a cabo ata o momento sen ver a súa retribución mellorada a pesar de asumir maiores competencias.
4. Instar ao Goberno de España a impartir unha formación exhaustiva e completa in situ sobre o programa DICIREG, que se instalou para toda a administración de xustiza e o que todos temos que adaptarnos, dado que é especialmente complicado nas Oficinas colaboradoras - que así é como se chaman agora – xa que non poden ir ao ritmo do persoal de Xustiza, o compartir funcións coas propias do concello.

5. Instar ao Goberno de España a aumentar as retribucións dos secretarios de xulgado de Paz, tendo en conta a carga de traballo e maior responsabilidade.

13.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA PARA O APOIO DOS BARES E TABERNAS EN PEQUENOS NÚCLEOS DE POBOACIÓN DA PROVINCIA DE OURENSE.-

A esta moción presentouse unha emenda de modificación do Grupo Socialista que é rexeitada polo grupo propoñente da moción. Tamén se presentaron unha emenda de adición do Grupo Popular e outra emenda de engádegas do BNG.

D. Rafael Martínez Cachafeiro, de Democracia Ourenseana, expón o contido da seguinte moción:

Na provincia de Ourense, marcada por un acusado proceso de despoboamento e envellecemento, os bares e tabernas dos pequenos pobos cumpren unha función que vai moito máis alá do ámbito económico. Son, en moitos casos, o único punto de encontro veciñal, actuando como centros sociais informais onde se reforza a convivencia, compártense noticias e mantense o vínculo comunitario.

En núcleos de poboación de menos de 1.000 habitantes - que constitúen a maioría no rural ourensán - estes establecementos representan vida, servizo e cohesión. Moitos funcionan como auténticas sedes sociais para as persoas maiores, e son claves para que as aldeas non perdan o seu pulso diario.

Con todo, a situación destes negocios é cada vez máis precaria: a baixa rendibilidade, a falta de substitución xeracional, o aumento de custos e a rixidez dalgunhas normativas poñen en risco a súa continuidade.

Desde a Deputación Provincial, institución crave no apoio ao medio rural, é urxente impulsar medidas decididas para protexer e fomentar a supervivencia destes espazos fundamentais para a vida local.

Por exemplo, en Quintela de Leirado, con máis de 600 habitantes, actualmente só hai un bar, cando no pasado chegaron a existir ata 12. En Pontedeva, con 485 habitantes, hai un bar en funcionamento e outro pechado temporalmente e así en moitos outros casos.

Estes exemplos reflicten a importancia dos bares nas comunidades rurais de Ourense onde actúan como puntos de encontro e cohesión social. Na provincia de Ourense segundo datos do Instituto Nacional de Estatística, existen aproximadamente 2.233 establecementos de hostalería (bares, cafeterías e restaurantes). Con todo, a falta de datos específicos impide

proporcionar unha cifra exacta do número de bares en pobos con menos de 1.000 habitantes.

Por todo o exposto solicitamos:

- 1. Realizar un censo provincial de bares e tabernas rurais, como ferramenta técnica para coñecer a súa situación actual, identificar casos de risco de peche e planificar intervencións específicas.*
- 2. Crear unha liña provincial de axudas específicas para bares e tabernas situados en pequenos núcleos, destinada a sufragar gastos correntes, pequenas reformas, adaptación á normativa sanitaria ou accesibilidade, mellora de equipamentos, etc.*
- 3. Solicitar á Xunta de Galicia que desenvolva unha estratexia de apoio integral á hostalería rural, con especial atención aos negocios situados en zonas en risco de despoboamento, recoñecendo o seu valor como servizos básicos no territorio.*

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación, en primeiro lugar, a emenda de adición do Grupo Popular que é aprobada co voto a favor do Grupo Popular (11), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (7). A continuación sométese á votación a moción de engádegas do BNG que é rexeitada co voto a favor do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2), a abstención do Grupo Socialista (7) e o voto en contra do Grupo Popular (11). E finalmente sométese á votación a moción coa emenda do Grupo Popular e, co voto a favor do Grupo Popular (11), do BNG (3) e de Democracia Ourensana (2) e a abstención do Grupo Socialista (7), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1. Realizar un censo provincial de bares e tabernas rurais, como ferramenta técnica para coñecer a súa situación actual, identificar casos de risco de peche e planificar intervencións específicas en concellos de menos de 1500 habitantes.
2. Crear unha liña provincial de axudas específicas para bares e tabernas situados en pequenos núcleos, destinada a sufragar gastos correntes, pequenas reformas, adaptación á normativa sanitaria ou accesibilidade, mellora de equipamentos, etc., en concellos de menos de 1500 habitantes.
3. Solicitar á Xunta de Galicia que desenvolva unha estratexia de apoio integral á hostalería rural, con especial atención aos negocios situados en zonas en risco de despoboamento, recoñecendo o seu valor como servizos básicos no territorio, en concellos de menos de 3000 habitantes.

4. Apoiar desde a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, a dotación de espazos comerciais básicos en zonas rurais de baixa poboación, como se recolle no Plan Estratéxico de Comercio 25-30.
5. Publicitar o convenio entre AGADER e Turismo de Galicia, no que se apoian cantinas e restaurantes no rural galego. Convenio asinado o 31 de marzo.

14.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA O REXEITAMENTO DOS GASTOS DE REALIZACIÓN DAS PROBAS DE AVALIACIÓN DO BACHARELATO PARA O ACCESO Á UNIVERSIDADE (PAU) NO CONCELLO DA RÚA.-

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, expón o contido da seguinte moción:

No marco das competencias atribuídas á Deputación Provincial de Ourense en materia de cooperación coas entidades locais e apoio aos servizos públicos esenciais, o Grupo Provincial Socialista estima preciso elevar a voz de alarma fronte á carga económica que se traslada a certos concellos rurais en concepto de contraprestación pola organización da Proba de Avaliación de Bacharelato para o Acceso á Universidade (PAU). Recentemente, o Concello da Rúa, coa aceptación dos concellos implicados, renovou a súa participación no convenio coa Comisión Interuniversitaria da Galicia (CIUG) para albergar as PAU no Instituto de Ensinanza Secundaria (IES) Cosme López. Un compromiso que, sen dúbida, beneficia ao alumnado local e aos municipios limítrofes, xa que supón un importante esforzo loxístico e económico a prol da equidade educativa.

Porén, durante o proceso de formalización deste acordo detectouse un feito nomeadamente preocupante: a inclusión dun novo concepto denominado “gastos de xestión, coordinación e materiais das probas que pola súa natureza non poden xustificarse en forma directa ao non poder individualizarse”, ascendendo o importe aos 3.645 euros. A esta suma hai que engadir 9.972 euros en concepto de “gastos da convocatoria de xuño” e 8.258 euros pola de xullo. Cos novos custos de xestión elévanse até os 21.875 euros o total a abonar entre os concellos afectados, de maneira alícuota, representando un monto moi elevado para orzamentos de por si limitados, coa agravante de que teñen que pagarse ao remate da convocatoria de xullo ou, en todo caso, antes de outubro.

Máis grave resulta aínda a situación cando comprobamos que en toda Galicia só tres territorios galegos, nos que os concellos de Viveiro, Cee e A Rúa son os responsables de asinar o convenio coa CIUG e do pagamento deste custo, mentres que o resto dos territorios de Galicia non asumen ningunha carga directa. Doutra banda, o alumnado procedente de centros como Quiroga (Lugo), Martaguisela (O Barco), Xermán Ancochea Quevedo (Trives),

Carlos Casares (Viana), Lauro Olmo (O Barco) ou o mesmo Colexio Pablo VI Fátima (A Rúa) non teñen opción de escoller sede, sendo esta designada unilateralmente pola Comisión Interuniversitaria de Galicia (CIUG), o que agrava a desigualdade entre os estudantes segundo a súa procedencia.

O Grupo Provincial Socialista quere mostrar o seu compromiso coa equidade territorial, coa educación pública de calidade e co sostemento dos pequenos concellos, que son a columna vertebral da nosa provincia. É tempo que as administracións superiores asuman as súas responsabilidades e deixen de trasladar custos discriminatorios aos entes locais, que xa teñen demasiadas cargas para garantir os dereitos básicos da cidadanía. Os socialistas entendemos que estamos fronte a unha transferencia de responsabilidades inxustificada cara os entes locais, afectando desproporcionadamente aos pequenos concellos que xa de por si soportan dificultades maiores para garantir os servizos básicos. Doutra banda, tamén denotamos unha falta de coordinación e transparencia na planificación destas probas, que non toman en consideración a realidade socioeducativa do medio rural e o esforzo adicional que supón para estes territorios acoller actividades tan determinantes como a PAU.

*Por todo o exposto o Grupo Provincial Socialista presenta as seguintes **PROPOSTAS DE ACORDO**:*

PRIMEIRA.- Requirit á CIUG a retirada inmediata de todos os gastos incluídos nos convenios asinados cos concellos para a celebración das PAU por consideralos inxustificados e discriminatorios entre territorios de Galicia.

SEGUNDA.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que actúe como mediadora entre os concellos afectados e a administración autonómica para buscar solucións conxuntas que garantan a continuidade das actuais sedes de celebración das probas de acceso á Universidade, sen sobrecargar economicamente aos mesmos.

TERCEIRA.- Manifestar o apoio institucional da Deputación de Ourense aos concellos do Oriente ourensán na súa posición contraria a estes custos, recoñecendo o seu esforzo en favor da educación pública e accesible para toda a poboación da comarca e da provincia.

A continuación prodúcese as intervencións que se recollen no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción e, por maioría de todos os presentes, o Pleno adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRA.- Requirit á CIUG a retirada inmediata de todos os gastos incluídos nos convenios asinados cos concellos para a celebración das PAU por consideralos inxustificados e discriminatorios entre territorios de Galicia.

SEGUNDA.- Instar á Deputación Provincial de Ourense a que actúe como mediadora entre os concellos afectados e a administración autonómica para buscar solucións conxuntas que garantan a continuidade das actuais sedes de celebración das probas de acceso á Universidade, sen sobrecargar economicamente aos mesmos.

TERCEIRA.- Manifestar o apoio institucional da Deputación de Ourense aos concellos do Oriente ourensán na súa posición contraria a estes custos, recoñecendo o seu esforzo en favor da educación pública e accesible para toda a poboación da comarca e da provincia.

15º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-

Non se presentan.

16º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-

- 1.- Dación de conta do informe do resultado do control interno do exercicio 2024.
- 2.- Dación de conta do Plan anual de control financeiro do exercicio 2025.
- 3.- Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de abril de 2025.

Os membros da Corporación quedan informados.

17º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Nesta quenda prodúcese as intervencións que se recollen integramente no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17](#)

E, ás 15.06 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.

DILIXENCIA:

De acordo coa normativa aplicable, artigo 109 do RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), e artigo 2 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, **a presente acta esténdese en documento electrónico e incorporando o arquivo audiovisual da sesión, mediante o sistema de vídeo acta.**

A acta consigna os seguintes extremos: lugar de reunión, data e hora de inicio e finalización da sesión, indicación do carácter ordinario ou extraordinario, persoas asistentes con expresión dos seus cargos, e os membros que se escusaron, orde do día, contido dos acordos alcanzados, no seu caso, así como a expresión do sentido do voto dos membros. Ademais do anterior, a acta incorpora o arquivo audiovisual da gravación da sesión, contendo a literalidade das intervencións, así como a sinatura electrónica da persoa que ostenta a Secretaría do pleno, que dota de fe pública e efectos de dereito ao documento, e da persoa que exerce a Presidencia.

Para os efectos do previsto no artigo 2.4 do Decreto 24/2018, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, e artigo 4 f) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense (BOP núm. 107 de data 04.06.2024), **por medio deste escrito CERTIFICO a autenticidade e integridade do ficheiro da gravación contido na presente acta.**

PEGADA DIXITAL VÍDEO

*<iframe width="560" height="315"
src="https://videoacta.depourense.gal/vod/Plenos/2025/05/30/Sesion_plenaria_30-05-2025/video_202505300958000000_FH.mp4" frameborder="0" allow="accelerometer;
autoplay; encrypted-media; gyroscope; picture-in-picture" allowfullscreen></iframe>*